

San Martiño potencia o seu desencravo, cerimonia que data do ano 1673

Celébrase mañá ás 20.00 horas / Por vez primeira, distribúense carteis para dar a coñecer esta tradición



Un momento dunha edición anterior do Santo Enterro. / FDV


Mauro Pérez*

Moaña, 28 MAR 2024 / Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2024/03/28/moana-semana-santa-100364895.html>

Este venres, e como cada **Venres Santo** desde o ano **1673**, terá lugar na igrexa de San Martiño de Moaña a cerimonia do desencravo, acto ó que están convidados todos os veciños de Moaña e do Morrazo. Será ás 20.00 horas.

Máis alá da singularidade da escena, hai que destacar a calidade das imaxes que a compoñen. **Cristo e Virxe son obra do imaxineiro galego máis importante do século XX, José Rivas**, e datan do ano 1926. **Paulo Blanco**, estudoso da obra deste escultor, falando do Cristo do desencravo de Moaña, subliña que “é o único articulado de Rivas; os seus cristos gardan un gran parecido entre si, puidendo ser facilmente identificables. Todos eles teñen un canon alongado, facianas puntiagudas e barbas rematadas nunha ou dúas puntas.



**DESENCRAVO
SAN MARTIÑO**
VENRES SANTO
20:00h

O cartel distribuído este ano. / FdV

Rivas tallou estas imaxes dándolles unha grande anchura de ombreiros e unha forte estrutura ósea. Son de destacar tamén os panos de pureza, sempre amplos e voluminosos, con infinitas dobleces, que fan que teñan un grande naturalismo a pesar da súa sinxeleza. Pódese ver que son imaxes xemelgas: temos pasos de Nazarenos, Oracións no horto das oliveiras, prendementos, vía crucis, entradas en Xerusalén... con practicamente os mesmos rostros.” A Virxe, por outro lado, **é o mesmo modelo de dor e sufrimento que Rivas faría para a Virxe da Piedade de Viveiro en 1944**, cuns rasgos que conmoven ao espectador, chegando a comentar algunha freguesa que “só con mirala dan ganas de chorar”.

Non podemos esquecer o elemento local que aporta a urna, de madeira e cristal, talla polo carpinteiro **Manuel Martínez Pérez**, veciño que foi desta parroquia moañesa.

Este ano, para promocionar e pór en valor esta cerimonia, realizouse un cartel cunha foto feita polo finado cronista oficial de Moaña **Manuel Uxío García Barreiro** e con edición de Alfonso L. Franco, que foi distribuído por todo o municipio. Algúns destes exemplares, colocados no centro urbano, foron arrincados na noite do sábado.

**Investigador moañés e herdeiro da documentación do finado cronista oficial de Moaña Manuel Uxío García Barreiro.*